



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Os discursos críticos nas literaturas e nas culturas en lingua galega e portuguesa	Código	613484031	
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	López-Iglesias Sanmartín, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Profesorado	López-Iglesias Sanmartín, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo dos principais discursos crítico-metodolóxicos presentes no intersistema cultural veiculado en lingua galego-portuguesa			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes.
A2	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.
A3	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais.
A4	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.
A5	Aplicar as técnicas de análise cultural respectando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos.
A6	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que transcenda os límites dunha soa lingua e / ou nación, atendendo á diversidade cultural.
A7	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cinema, as artes, no marco da diversidade cultural.
A8	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais.
A10	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos.
A11	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación.
A12	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos anglófono, hispánico e galego-portugués.
A13	Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais.
B1	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos.
B2	Demostrar un compromiso ético contra as desigualdades.
B3	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade.
B4	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.
B6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos ou non familiares en contextos interdisciplinares.
B8	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación.
B9	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes	AM1	BM4	
Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e as súas mudanzas de paradigma.	AM2	BM8	
Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais.	AM3	BM1	
Analisar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.	AM4	BM8	
Aplicar as técnicas de análise cultural respectando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos.	AM5	BM1	CM4
Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que transcenda os límites dunha soa lingua e/ ou nación, atendendo á diversidade cultural	AM6	BM1 BM2	CM4
Alargar o concepto de literatura, através da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cinema, as artes, no cadro da diversidade cultural.	AM7	BM9	CM3
Aplicar técnicas de análise cultural en contextos diversos	AM10	BM1	
Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación.	AM11	BM6	CM6
Coñecer e valorizar a diversidade cultural, con especial atención ao ámbito galego-portugués.	AM12	BM1 BM3	CM8
Adquirir a capacidade de utilizar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais	AM13	BM9	CM3
Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais	AM8	BM3	CM6 CM8

Contidos

Temas	Subtemas
1. A crítica e (é) a cultura	1.1. Función e posición da crítica nos sistemas culturais 1.2. Teoría(s) da crítica literaria e cultural
2. Campo da crítica e espazo da canonización	2.1. Crítica e historiografía literaria/ cultural 2.2. Crítica e procesos de canonización
3. Discursos críticos na Galiza, Portugal, Brasil e PALOP	3.1 Crítica e conflito 3.2. Crítica e identidade 3.3. Alternativas críticas

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	8	12	20
Discusión dirixida	6	9	15
Traballos tutelados	2	20	22
Lecturas	2	8	10
Presentación oral	1	6	7
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas no seminario.
Discusión dirixida	Presentación polo profesor ou polo alumnado dunha serie de casos teórico-práticos para a súa análise conxunta e colaborativa ao longo das sesións presenciais.



Traballos tutelados	Realización dun breve estudo relacionado cos asuntos abordados no seminario. Este traballo poderá ser realizado de maneira individual ou colectiva (de acordo coa planificación realizada polo profesor no inicio do seminario).
Lecturas	Realización dunha serie de lecturas breves previamente seleccionadas polo docente relacionadas directamente cos contidos abordados no seminario.
Presentación oral	Exposición oral ao conxunto da turma dos resultados do traballo tutelado e/ou de unha lectura breve atribuída de entre a listaxe fornecida polo profesor no inicio das sesións. Durante esas presentacións orais, o alumnado utilizará os recursos tecnolóxicos precisos ao efecto e demostrará a asunción e a aplicación práctica dos contidos, destrezas e competencias abordados durante o seminario.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Lecturas Presentación oral	<p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesor responsábel polo seminario, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización do &quot;Traballo Tutelado&quot;, das &quot;Lecturas&quot; e da &quot;Exposición Oral&quot;. De maneira xeral, cada alumno/a asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición da lectura e/ou a entrega do traballo.</p> <p>Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento da materia, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico</p>

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Serán avaliados o nivel de análise e comprensión das materias expostas, así como a resolución dos problemas apresentados durante estas sesións, quer através de estudos de caso ou análise de fontes documentais específicas, quer no traxuro das "discusións dirixidas", do "traballo tutelado" e/ou da "presentación oral"	10
Discusión dirixida	Será avaliado o rigor e a profundidade da análise, as cuestións eventualmente levantadas durante as intervencións, a frecuencia destas e, en xeral, todos os contributos relacionados co acompañamento/ desenvolvemento da materia.	20
Traballos tutelados	Serán avaliados os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe en relación á consecución dos obxectivos procurados no seminario. Levarase tamén en conta a calidade lingüística do texto entregado, a capacidade para a aprendizaxe autónoma e/ou o traballo en equipa, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para esta actividade.	30
Lecturas	Para alén da eventual presentación oral dunha das lecturas propostas, será avaliado o nivel de análise e comprensión das restantes lecturas demostrado no traxuro das outras presentacións orais e nas discusións dirixidas.	20
Presentación oral	Será avaliada fundamentalmente a comprensión e o dominio do contido presentado e a utilidade da presentación para os propósitos da materia. Levarase tamén en conta a calidade lingüística, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión na exposición, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel e a elaboración e utilización dos recursos tecnolóxicos.	20

Observacións avaliación



A

avaliación

do seminario será feita de forma continua. Nela serán levados en conta non apenas os ítems referidos no lugar correspondente mais tamén, de maneira transversal, as competencias lingüísticas, argumentativas e para a aprendizaxe colaborativa demostradas ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

Todas

as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no inicio das sesións.

As persoas matriculadas a tempo parcial e que solicitasen e obtivesen dispensa académica realizarán ou entregarán as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co profesor. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Se

houver criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor responsábel da materia en formato "rúbrica" na sala de aulas ou a través do moodle. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

As

persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán entregar na altura da segunda edición ordinaria, nas datas marcadas aos efectos de avaliación pola Facultade de Filoxía, os traballos que foren solicitados e superar tamén aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia.

Será considerado Non

Presentado aquel alumno ou alumna que non se presentar ás probas escritas ou que non presentar ningunha das actividades.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Thiesse, A. (1999). *La Création des identités nationales: Europe XVIIIe XXe siècle*. Paris: Éditions du Seuil
- Bourdieu, Pierre (1991). *¿Le champ littéraire. Avant propos?*. *ctes de la Recherche en sciences sociales*, nº 89, pp. 3-46
- Lourido Hermida, Isaac (2011). *As alternativas sistémicas da Historia literaria en situación de conflito cultural. Desenvolvementos teóricos e modelos de renovación nos casos galego e quebequense*. Departamento de Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral, Universidade de Santi
- Tarrío Varela, Anxo e Abuín González, Anxo (eds.) (2004). *Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas da Península Ibérica*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC
- Figueroa, A.; González-Millán, X. (1997). *Communication littéraire et culture en Galice*. Paris: L'Harmattan
- Lamont, M. & Fournier, M. (1992). *Cultivating Differences. Symbolic Boundaries and the Making of Inequality*. Chicago and London: The University of Chicago Press
- Bourdieu, Pierre (1985). *La distinction: critique sociale du jugement*. Paris: Éditions de Minuit
- Castells, Miguel (2003). *La era de la información. El poder de la Identidad*. Madrid: Alianza Editorial
- Bourdieu, Pierre (1992). *Les règles de l'art. Genèse et structure du champ littéraire*. Paris: Éditions du Seuil
- Pageaux, D. H. (2007). *Littératures et Cultures en dialogue*. Paris: L'Harmattan
- Figueroa, Antón (2001). *Nación, literatura, identidade: comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia
- Samartim, Roberto L.I. (2010). *O proceso de construción do sistema literario galego entre o franquismo e a transición (1974-1978): margens, relacións, estrutura e estratégias de planificación cultural*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC
- Even-Zohar, Itamar (2010). *Papers in Culture Research*. Tel Aviv: Unit of Culture Research, Tel Aviv University (acesíbel en <http://www.tau.ac.il/~itamarez/>)
- Fowler, B. (1997). *Pierre Bourdieu and Cultural Theory. Critical Investigation*. London: Sage
- Even-Zohar, Itamar (2007). *Polisistemas de cultura*. Tel Aviv: Unit of Culture Research, Tel Aviv University (acesíbel en <http://www.tau.ac.il/~itamarez/>)
- González-Millán, X. (2000). *Resistencia cultural e diferenza histórica: a experiencia da subalternidade*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
- Casas, Arturo (2002). *¿A Teoría crítica da cultura e a planificación dos estudos socioculturais (para ler González-Millán)?*. *Anuario de estudios literarios galegos*, 29-38
- Rees, C. van (1983). *¿Advances in the Empirical Sociology of Literature and the Arts: The Institutional Approach?*. *Poetics* 12, 285-310
- Sela-Sheffy, R. (2002). *¿Canon Formation Revisited: Canon and Cultural Production?*. *Neohelicon* XXIX(2), 141-159
- Nooy, W. de (2005). *¿Culture in networks?*. *The Collection and Analysis of Network Data. Summer School of the Quantitative Methods, the Social S*
- Sapiro, G. (2007). *¿Pour une approche sociologique des relations entre littérature et idéologie?*. *CONTEXTES* 2 (acesíbel en <http://contextes.revues.org/index165.html>)
- Torres Feijó, Elías J. (2004). *¿Roma locuta causa finita? Sobre docência e crítica da literatura e da cultura?*. Aurora Marco et al. (eds.), *Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica*
- Casas, Arturo (2007). *¿Xoán González-Millán: itinerarios teóricos?*. Helena González Fernández & María Xesús Lama (eds.), *Actas do VII Congreso Internacional de*



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Cochón Otero, Iris & Rábade Villar, María do Cebreiro (2004). "A crítica no campo literario. Teorías críticas e identidades emerxentes". Elementos de crítica literaria, Vigo: Xerais, pp.161-204 - Cunha, Carlos Manuel Ferreira da (2002). A construção do discurso da história literária na literatura portuguesa do século XX. Braga: Centro de Estudos Humanísticos/ Universidade do Minho - Gaard, Greta; Murphy, Patrick (1998). Ecofeminist Literary Criticism: Theory, Interpretation, Pedagogy. Urbana and Chicago: University of Illinois Press - Casas, Arturo (coord.) (2004). Elementos de crítica literaria. Vigo: Xerais - Mata, Inocência (1992). Emergência e existência de uma literatura (O caso santomense). Linda-a-Velha - Jameson, Fredric; Žižek, Slavoj (1998). Estudios culturales. Reflexiones sobre el multiculturalismo. Buenos Aires: Paidós - Claval, Paul (2003). Géographie culturelle: une nouvelle approche des sociétés et des milieux. Paris: Armand Colin - Angenot, Marc (1979). Glossaire pratique de la critique contemporaine. Quebec: Éditions Hurtubise HMM - Reis, Carlos (coord.) (1991-1996). História crítica da literatura portuguesa. 9 vol, Lisboa: Verbo - Saraiva, António José (2000). História da cultura em Portugal. Lisboa: Gradiva - LaCapra, Dominick (2006). Historia en tránsito: experiencia, identidad, teoría crítica. Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica - Edgardo Lander (comp.) (2000). La colonialidad del saber: eurocentrismo y ciencias sociales. Perspectivas Latinoamericanas. Buenos Aires: Consejo Latinoamericano de Ciencias Sociales - Cabral, Amílcar (1999). Nacionalismo e cultura. Compostela: Latiovento - Harlow, B. (1987). Resistance literature. Methuen: New York - Moi, Toril (1985). Sexual/Textual Politics. Feminist Literary Theory. London and New York: Routledge - López Silva, Inmaculada (2004). Teatro e canonización. A crítica teatral na prensa periódica galega (1990-2000). Lugo: Tris Tram - Godzich, Wlad (1998). Teoría literaria y crítica de la cultura. Madrid: Cátedra-Universitat de València - Fortin, N. (1994). Une littérature inventée. Littérature québécoise et critique universitaire (1965-75). Presses de l'Université Laval: Sainte Foy - Rees, K. van (1983). "How a Literary Work Becomes a Masterpiece: On the Threefold Selection Practised by Literary Criticism?". Poetics, 12: 397-417 - Gutiérrez García, Santiago (2007). "La lírica gallegoportuguesa en los procesos de hegemonización y canonización de la literatura gallega?". Anuario de Estudios Medievales, 37/1: 245-265 - Moisan, Clément; Saint-Jacques, Denis (dirs.) (1987). "L'Autonomisation de la littérature?". Études littéraires, 20, 1. - Hooper, Kirsty (2005). "Novas cartografías nos estudos galegos: nacionalismo literario, literatura nacional, lecturas posnacionais?". Anuario de Estudos Literarios Galegos: 64-73 - Torres Feijó, E. J. (2004). "Potencialidades na indústria de ideas na Galiza actual para o relacionamento galego-luso-afro-brasileiro?". [Actas do] VIII Congreso Luso Afro Brasileiro de Ciências Sociais, Coimbra: Centro de Estudos Socia - Nooy, Wouter de (1991). "Social Networks and Classification in Literature?". Poetics, 20: 507-537 - Schmidt, Siegfried J. (1983). "The Empirical Science of Literature ESL: A New Paradigm?". Poetics, 12: 19-34
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías